



MORRIÑA
DE ESTRELAS

Lola Doporto

“Paio díxolle a Teodomiro que no bosque de Libredon víanse luces estranas.

O bispo Teodomiro sabedor da sona de home sensato que tiña Paio, decidiu se trasladar dende Iria Flavia ata o lugar do prodixio onde, tras observar as luminarias, ordenou ayuno e oración perante tres días. O cabo da purificación internouse na espesura e deseguida atopou o enterramento do Santiago Zebedeo xunto a os dos seus discípulos Atanasio e Teodoro”.

Así comeza a historia e así está datada.

Aínda hoxe se ten a idea de que en Galicia na Idade Media case todo era escuridade e ignorancia, e Lola Doporto sorpréndese coa visión do Pórtico do Paraíso da catedral de San Martiño de Ourense, coa súa policromía iluminada pola luz do rosetón. Este conxunto atribuído ao Mestre Mateo é o inicio do interese da artista no románico galego. O seguinte paso foi o Pórtico da Gloria, onde á cor e á luz lles suma as conversas das figuras e a música do coro dos anciáns.

Música, cor e luz que Lola Doporto decide trasladarlles aos seus lenzos co seu estilo característico, e obséquianos cun Santiago Apóstolo calvo que nos observa e nos atrae, ou cunhas pandeireteiras acompañadas dos seus paxaros icónicos; conxunto que sitúa no Campus Estellae baixo o camiño estrelado. Os músicos móstraos barbados e con melenas, e coa cor e coa espátula confírelles o aspecto inconfundible da súa pintura.


No seu entresoño, Lola engade personaxes que van desde un gaiteiro ou un afiador, que ela di que é de Ourense, ata un Mestre Mateo absorto nas súas cavilacións, cheo de cor e tocado pola maxia das estrelas.

Mantén o óleo e a espátula, mantén o detalle e, ás veces, a filigrana nos vestidos. Mantén certa inquietude e misterio nas súas composicións, e os protagonistas obsérvannos desde a súa falsa inmovilidade, pero penso que o protagonista desta mostra é a luz, a cor e o optimismo que transmite.

A nós tócanos gozar de todos estes protagonistas que, como di o mestre Xosé Luís Méndez Ferrín: “Lola Doporto pon en cor e en volume para ben noso, os contemporáneos”.

Pontevedra, Santos de 2023





Lola
Doporto.

























DATAS E HORARIOS

Do 17 de novembro ao 3 de decembro de 2023

De luns a venres, de 9 a 20 h

Sábados e festivos de 10 a 14 e de 16 a 19 h

Domingos de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra



Deputación
Pontevedra

